

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



## ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 31 DE OUTUBRO DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:00 horas do día 31 de outubro de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada pola presidenta o 28 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

**Presidenta:** D<sup>a</sup>. Nuria Rodríguez Rodríguez

**Vocais:** D<sup>a</sup>. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica  
D<sup>a</sup>. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral  
D<sup>a</sup>. María Blanco Rodríguez, técnica de Administración xeral  
D<sup>a</sup>. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno (asiste aos puntos 2a, 2c, 4a e 11a)  
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 1a e 2b)  
D<sup>a</sup>. Carla Candia Paz, xefa de Participación cidadá e Desenvolvemento local (asiste ao punto 3a)

**Secretaria:** D<sup>a</sup>. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

### 1.- Incidencias

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo para desenvolvemento da actualización do rexistro municipal do Concello de Vigo (8.862-113) (aclaración proposición avaliable mediante xuízo de valor)**

Dáse conta aos membros da Mesa que GUADALTEL, S.A. presentou dentro do prazo concedido para o efecto a aclaración solicitada respecto da súa proposición avaliable mediante xuízo de valor. A Mesa acorda dar traslado desta aclaración ao servizo xestor.

### 2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

#### **a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A



“Documentación persoal”, tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a BORRÁS VÁZQUEZ CAMESELLE ARTAI, CORREDURÍA DE SEGUROS, S.A. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos
- b) Outorgar un prazo de tres días a AON GIL Y CARVAJAL, S.A. para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente deberá emendar o DEUC eliminando a referencia aos lotes (posto que nesta licitación non se contempla a división en lotes), aclarando se concorre con solvencia de terceiros (no DEUC indica que si pero non sinala cal é o terceiro en cuestión nin presenta o anexo IV do prego nin o DEUC da empresa que lle facilita a solvencia) e cumprimentando correctamente os motivos de exclusión da parte III (moitos dos motivos están sen cubrir e a maiores indica que ten incumplido o pagamento de impostos).

**b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)**

A secretaria comunica aos membros da Mesa que con data 29 de outubro de 2019 se recibiu escrito presentado por COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A. no que indica que non se puido presentar a esta licitación “*por fallos del sistema y la imposibilidad alta empresa licitadores*”. A este escrito a referida empresa acompaña dous arquivos, un co formulario de alta na plataforma de licitación electrónica (PLYCA) asinado o 29 de outubro de 2019 ás 18:41 horas, e outro cun pantallazo de PLYCA para xustificar a imposibilidade de darse de alta como licitador, previamente á presentación da oposición.

Á vista do anterior escrito a Mesa acorda retirar este asunto da orde do día.

**c) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)**

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A “Documentación persoal”, tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
  1. SERYE INGENIEROS, S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 20:37	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64F-EBC635-C63327-SWX9ZH-TCUHSC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



2. INGEAGUA, S.L.
3. PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L.
4. ECOSISTEMAS 2000, S.L.

### 3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

#### a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do sistema de alarma antirrobo con videovixilancia nos centros de emprego (16.564-77)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A secretaria comunica aos membros da Mesa que en cumprimento do acordado na sesión do 24 de outubro de 2019 se concedeu un prazo de tres días a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L. para que puidese emendar o documento europeo único de contratación (DEUC). Durante o prazo concedido, o 25 de outubro de 2019, o licitador presentou a documentación requirida. Logo da súa cualificación pola Mesa de Contratación acorda, por unanimidade,

- a) Admitir neste procedemento a SEGURSYSTEM EUROPA, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
- b) Solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación técnica descriptada na sesión do 24 de outubro de 2019.

### 4.- Apertura da documentación técnica

#### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de consultoría e asistencia técnica para o “Estudo e análise técnica das infraestruturas e servizos vinculados á rede de abastecemento e saneamento do Concello de Vigo” (336-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

Compróbase se os licitadores cumpren co límite de arquivos e número de páxinas esixidos no PCAP:

Licitador	Documentación sobre B	
	Memoria técnica (MT)	Equipo adscrito ao proxecto (ET)
SERYE INGENIEROS, S.L.	31 páxinas	20 páxinas
INGEAGUA, S.L.	50 páxinas	20 páxinas



PW ADVISORY & CAPITAL SERVICES, S.L.	49 páxinas	20 páxinas
ECOSISTEMAS 2000, S.L.	49 páxinas	13 páxinas

Realizadas as anteriores comprobacións a Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

## 6.- Apertura económica

### a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mediación e asesoramento en materia de seguros privados ao Concello de Vigo e aos seus organismos autónomos (6.342-241)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2a conceder un prazo de tres días a un licitador para que poida emendar a documentación persoal.

### b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e instalación de infraestrutura para o centro de proceso de datos municipal (CPD) (8.921-113)

Retírase este asunto da orde do día.

## 11.- Propostas de adjudicación

### a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

## LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341)

## ANTECEDENTES

**Primeiro.-** Con data do 26 de xullo de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 20:37	Páxina 4 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64F-EBC635-C63327-SWX9ZH-TCUHSC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



1º.- Aprobado a contratación, a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria, dos servizos de atención ao público en dependencias da Rede de Museos Municipais.

2º.- Aprobado o Prego de prescricións técnicas particulares, de data 5 de abril de 2019, redactadas polo xefe do servizo de Museos, conformadas polo xefe do servizo de Xestión Cultural e polo concelleiro-delegado da Área de Cultura.

3º.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexerá a citada contratación, de data 9 de xullo de 2019, redactado polo Servizo de Contratación.

4º.- Autorizar o gasto por importe total de 936.375,44 €, co IVE incluído (novecentos trinta e seis mil trescentos setenta e cinco euros, con corenta e catro céntimos), que inclúe un IVE (21%) de 162.511,44 € (cento sesenta e dous mil cincocentos once euros, con corenta e catro céntimos), para un período de dous anos, que se financiarán de acordo co seguinte detalle:

Exercicio 2019.- 136.554,75 € (Servizo de atención ao público: 119.361,56 € e servizo de coordinación: 17.193,19 €); con cargo á aplicación orzamentaria 3330.227.99.05 (Servizos de atención ao público): 75.683,62 €. Diferencia a financiar en 2019: 60.871,13 €; 40.000 € con cargo á aplicación 3330.227.99.07 (Coordinación, monitoraxe exposicións CAT) e 20.871,13 € con cargo á aplicación 3330.227.99.10 (Funcionamento do CAFVI).

Exercicio 2020.- Financiamento do importe de licitación: 468.187,72 € €/anuais (servizos de atención ao público 409.239,65 €; coordinación: 58.948,07 €), con cargo ao crédito suficiente e adecuado a nivel de bolsa de vinculación; aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

Exercicio 2021.- Financiamento do importe de licitación: 331.632,97 € (servizos de atención ao público 289.878,09 €; coordinación: 41.754,88 €). Aplicación orzamentaria: 3330.227.99.05 "Servizos de atención ao público".

5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 22 de outubro de 2019 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP :

- SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL)
- OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) na seguinte orde descendente:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 20:37	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64F-EBC635-C63327-SWX9ZH-TCUHSC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

	<b>LICITADORES</b>	<b>PUNTUACIÓN TOTAL</b>
1	SERVICIOS SECURITAS, S.A.	88,75
2	EULEN, S.A.	57,65

**Terceiro.-** Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, *SERVICIOS SECURITAS, S.A.*, para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, *SERVICIOS SECURITAS, S.A.*, o día 22 de outubro de 2019, que presenta a documentación requirida o 29 de outubro, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 31 de outubro de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

## **FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar *SERVICIOS SECURITAS, S.A.*, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por *SERVICIOS SECURITAS, S.A.*, de acordo cos informes de valoración das proposicións



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 20:37	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64F-EBC635-C63327-SWX9ZH-TCUHSC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Servizo de  
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA  
DE  
CONTRATACIÓN

CONCELLO  
DE VIGO



avaliables mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 11 e 15 de outubro de 2019, respectivamente.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón das exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 14 de outubro de 2019, dos licitadores que deseguido se relacionan por non alcanzar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP:*
  - *SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA, S.A. (SAMYL)*
  - *OS VENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS, S.L. (OSVENTOS)*
2. *Adxudicar a SERVICIOS SECURITAS, S.A. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de atención ao público en dependencias da rede de museos municipais (2.299-341) coas seguintes condicións:*
  - a) *O prezo total do contrato é de 767.827,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 133.259,38 euros. O prezo dos servizos de atención ao público ascende a 671.153,03 euros e o prezo dos servizos de coordinación a 96.674,83 euros.*
  - b) *Comprométese a realizar 50 encontros divulgativos anuais de promoción da programación dos centros entre colectivos diversos do termo municipal sinalados polo Concello.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/05/2024 20:37	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAA64F-EBC635-C63327-SWX9ZH-TCUHSC-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		